

Como detectar mentiras

II. Detección do engano a partir do corpo

Coñecía unha das maneiras en que os
movimentos corporais reflicten senti-
mentos ocultos nun experimento levado a
cabo na miña época de estudante, hai
5 máis de vinte e cinco anos. A psicoloxía
académica ensinaba con certo orgullo
que, segundo demostraran os experi-
mentos científicos, era un mito a
suposición dalgúns leigos de ser capaces
10 de coñecer as emocións ou a personalidade
a través do rostro ou do corpo dun
individuo.




Figura 1.

Eu non podía aceptar que isto fose así. (...) Inventei un
experimento para demostrar que os movementos corporais
15 cambian cando o suxeito está sometido a tensión. A fonte da
tensión foi o meu profesor máis veterano, quen aceptou someterse
a un plan tramado por min para interrogar aos meus
compañeiros do curso de posgrao sobre temas nos que todos
nós, eu sabíao, sentiámonos vulnerables.

Mentres a cámara oculta rexistraba a conduta de cada un destes
20 psicólogos incipientes, o profesor comezaba preguntándolle que
pensaba facer cando terminase os estudos. Aos que contestaron
que se dedicarían á investigación, reprochoulles o seu desexo de
recluírse no laboratorio e non asumir a responsabilidade de
25 axudar aos que padecían enfermidades mentais. A quen planeaba
prestar esa clase de axuda dedicándose á psicoterapia criticoulles
o seu afán de facer diñeiro exclusivamente, eludindo así a
responsabilidade de realizar as investigacións necesarias para
curar mellor aos enfermos mentais. (...). Era unha situación en
30 que ninguén podía saír vitorioso.

Mentres tanto, eu observábaos detrás dun espello unidireccional
e coa cámara rexistraba permanentemente os seus movementos.
Non podía crer o que vían os meus ollos, xa desde a primeira
entrevista! Despois de que o profesor lanzase o seu terceiro
35 ataque verbal, a estudante sentada fronte a el repregara todos

os dedos da man dereita menos o maior, e permaneceu coa
man nesa posición durante un minuto enteiro, nun claro sinal
de rabioso desgusto. Con todo, non mostraba o seu furor de
ningunha outra maneira, e o profesor seguía conducíndose coma
40 se non vise ese ademán. Cando terminou a entrevista, irrompín na
habitación e díxenllo; replicáronme que o inventara. A moza
admitiu que se sentiu anoxada, pero negou que o expresase
dalgún modo.

O encollemento de ombreiros e o dedo maior alzado son dous
45 exemplos de accións que chamaremos emblemas para
distinguilos de todos os restantes ademáns aos que recorren as
persoas. Os emblemas teñen un significado preciso, coñecido
por todos dentro dun grupo cultural determinado. No seu maior
parte, os demais ademáns e xestos non posúen unha definición
50 igualmente precisa e o seu significado é máis indefinido. Non
din moito se non están acompañados de palabras. Os
emblemas, en cambio, poden ser empregados en lugar das
palabras, ou cando non poden utilizarse estas. Como exemplo
doutros emblemas ben coñecidos citemos o vaivén vertical da
55 cabeza para dicir que si ou o seu vaivén horizontal para dicir
que non; a súa inclinación, ás veces acompañada por un xiro
da man, para dicirlle a alguén que se achegue ata onde un está
ou o acompañe; a axitación da man no alto para dicir adeus; a
man posta detrás da orella para significar que non se escoita; o
60 polgar levantado co que o camiñante fai autostop nunha
estrada; o dedo maior cruzado sobre o índice para rogar que
se cumpra un desexo, etc.

Outro tipo de movemento corporal que pode ofrecer pistas
sobre o embuste son as ilustracións. A miúdo confúndense as
65 ilustracións cos emblemas, pero importa distinguilos porque estas
dúas clases de movementos corporais poden alterarse en sentidos
opostos cando se mente: os descoidos emblemáticos aumentarán,
mentres que as ilustracións normalmente diminuirán.

Chamáselles así porque ilustran ou exemplifican o que se di.
70 Hai moitos modos de facelo: salientar unha palabra ou unha
frase, coma se a acentuáramos ao enunciála ou se a subliñáramos
ao escribirla. (...) O estudo científico precursor no campo das
ilustracións corporais non se iniciou para pescudar os

indicios do engano, senón para cuestionar as opinións dos científicos sociais nazis. Na década de 1930 apareceron moitos artigos nos que se sostiña que as ilustracións eran innatas e que as «razas inferiores», como os xudeus ou xitanos, apelaban a gran cantidade de pomposas e grandilocuentes ilustracións, en comparación cos ademáns menos expansivos dos arios, os «superiores». David Efron, un xudeu arxentino que estaba a estudar na Universidade de Columbia co antropólogo Franz Boas, examinou as ilustracións propias dos habitantes do Barrio Baixo na zona Este da cidade de Nova York. Comprobou que os inmigrantes sicilianos recorrían a ilustracións que trazaban unha figura ou exemplificaban unha acción, en tanto que os xudeus provenientes de Lituania apelaban a elas para dar énfases ao que dicían, ou para seguir o fío do seu pensamento. Pero os fillos duns e outros nados en Estados Unidos e que asistían a escolas integradas (fillos de nativos e de inmigrantes) non diferían entre si neste aspecto: as ilustracións usadas polos descendentes de sicilianos eran similares as usadas polos fillos de xudeus lituanos.

Efron demostrou que o estilo das ilustracións corporais é adquirido, non innato. Persoas pertencentes a distintas culturas non só utilizan diferentes tipos de ilustracións, senón que algunhas ilustran moito en tanto que outras ilustran moi pouco. (...)

Vexamos agora porque as persoas poden evidenciar un uso de ilustracións menor que o habitual, xa que isto aclararanos en que casos esa diminución pode ser un indicio do engano. A primeira razón é unha falta de apego emocional ao que se está dicindo: a xente ilustra menos que de costume as súas palabras cando se sente indiferente, aburrída, allea á cuestión ou moi entristecida. O entusiasmo ou o interese finxidos poden traizoarse na falta dun aumento de ilustracións que acompañen as palabras.

As ilustracións tamén se reducen cando o individuo ten dificultade para decidir o que vai dicir. Se alguén sopesa con coidado cada palabra antes de dicila, non a acompañará con moitas ilustracións. (...) As ilustracións diminúen cada vez que se fala con cautela. Agora ben, isto tal vez non teña

ningunha relación cun engano. A cautela pode deberse a que é moito o que está en xogo.

Debemos agora abordar un terceiro tipo de movemento corporal, as manipulacións, para alertar aos cazadores de mentiras que non caian no erro de consideralos signos de engano. Chamamos «manipulacións» a todos aqueles movementos nos que unha parte do corpo frega, rasca, agarra, pica, acomoda ou manipula dalgún outro modo a outra parte do corpo. As manipulacións poden ser de moi curta duración ou estenderse durante varios minutos. (...)

A investigación confirmou substancialmente a crenza do profano de que a xente realiza movementos axitados e inquietos cando se sente incómoda ou nerviosa. As manipulacións coas que un se rasca (...) certos orificios aumentan con todos os tipos de malestar. Teño a convicción de que as persoas tamén evidencian moitas manipulacións cando se senten cómodas e relaxadas. Se isto é verdade, as manipulacións só constituirían signos de incomodidade ou molestia nas situacións máis formais, cando a xente que está con un non lle é moi coñecida.

Paul Ekman, *Como detectar mentiras*, páxinas 104-119.

Actividades

- Relacionar cada concepto coa súa definición:
 - Conducta
 - Reacción subxectiva ao ambiente acompañada de cambios fisiolóxicos ou endócrinos
 - Emoción
 - Reacción do suxeito ante situacións ambientais
 - Innato
 - Aquilo que se posúe por nacemento, sen ser adquirido
- Elixe a resposta correcta:
 - Cando o suxeito está sometido a tensións os movementos corporais:
 - diminúen
 - mantéñense
 - aumentan
 - Os emblemas teñen un significado:
 - impreciso
 - indefinido
 - preciso
 - Cando se mente, os descoidos emblemáticos tenden a:
 - diminuír
 - manterse
 - aumentar
 - Cando se mente, as ilustracións tenden a:
 - diminuír
 - manterse
 - aumentar
 - Os estilo das ilustracións é:
 - innato
 - adquirido
 - ambas
 - Cando a xente se pon nerviosa, os movementos axitados tenden a:
 - diminuír
 - manterse
 - aumentar
- Explica que son os emblemas e a súa relacións con mentir? (Liñas 44-62).
- Que son as ilustracións? Son importantes na detección do engano? (Liñas 63-113).
- Sinala que son as manipulacións e en que grao son indicios de engano. (Liñas 114-130).
- Argumenta sobre a detección do engano a partir do corpo. (Liñas 1-130).